

Praza número: «26/8004»

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: «Didáctica da Expresión Corporal»

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 9:30 horas do día 8 de setembro de 2026 constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia:	Muñoz Cantero, Jesús Miguel
Secretaría:	Graña Varela, Apolinar
Vogal 1º:	Paula María Ruíz de Alda
Repr. persoas traballadoras:	Mesías Lema, José María

Antecedentes relativos á composición da comisión

- A Resolución publicada o 25 de agosto de 2026 aprobou a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas e a composición inicial da comisión da praza 26/8004.
- A Resolución publicada o 1 de setembro de 2026 substituíu a Rocío Chao Fernández na presidencia por Jesús Miguel Muñoz Cantero e, para garantir o principio de composición equilibrada, substituíu a Apolinar Graña Varela como vogal 1.º titular por Paula María Mendi Ruíz de Alda.
- A Resolución publicada o 4 de setembro de 2026 substituíu a José Antonio Sordo Freire na secretaría por Apolinar Graña Varela.

Manifestación sobre abstención e conflito de interese

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023.

Praza número: «26/8004»

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: «Didáctica da Expresión Corporal»

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Constitución e acordos

1. Comprobar a presenza de todas as persoas que deben integrar a comisión, incluída a representación das persoas traballadoras, e declarar validamente constituída a comisión.
2. Aprobar os criterios de valoración dos méritos das persoas candidatas que se incorporan como Anexo I / Modelo 2 desta acta.
3. Remitir os criterios aprobados para a súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.
4. Facer constar que a documentación de méritos das persoas candidatas só será examinada polos membros da comisión despois da publicación dos criterios de valoración.
5. Fixar, se procede, a seguinte sesión de valoración para o día 15, ás 9.30 horas, en [Sala de Xutnas do Departamento de DIDES e MIDE

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 9.45 horas do mesmo día. Da presente acta, eu, Apolinar Graña Varela, como secretario da comisión, dou fe, co visto e praxe da presidencia.

V.º e praxe

A presidencia

Jesús Miguel Muñoz Cantero

A secretaría

Apolinar Graña Varela

Praza número: «26/8004»

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: «Didáctica da Expresión Corporal»

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Anexo 1. Criterios específicos de avaliación praza 26/8004, Didáctica da Expresión Corporal

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na especialidade de coñecemento da praza obxecto de concurso, Didáctica da Expresión Corporal, multiplicaranse por 1.

Os méritos nas especialidades de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidade de coñecemento afín: Educación Física e Deportiva.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

No bloque IV (Experiencia profesional) das prazas de profesorado asociado aplicarase o previsto especificamente para este bloque no Anexo I do baremo.

Criterios específicos

Todos os apartados que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa, incluído no Anexo I, e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA. Puntuación máxima: 100 puntos

Aplicarase directamente o baremo do Anexo I da Normativa, sen criterios específicos adicionais.

II. EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima: 100 puntos

II.1. Docencia universitaria en titulacións oficiais. Puntuación máxima: 80 puntos.

Aplicarase directamente o baremo do Anexo I e os coeficientes de afinidade definidos no criterio de aplicación xeral.

II.2. Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Praza número: «26/8004»

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: «Didáctica da Expresión Corporal»

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/libro). Criterios específicos:

Os materiais ou libros de texto con finalidade docente universitaria valoraranse segundo o seu prestixio editorial. Teranse especialmente en conta publicacións en editoriais académicas de recoñecido prestixio internacional (por exemplo, Routledge–Taylor & Francis, Springer, SAGE, Oxford University Press, Cambridge University Press, Teachers College Press e Bloomsbury Academic), así como, no contexto español, Morata, Graó, Síntesis, Pirámide, Dykinson, INDE, Paidotribo, Octaedro, Narcea e Tirant lo Blanch, outras de prestixio equivalente, servizos de publicacións universitarios e editoriais de asociacións científicas ou profesionais vinculadas coa área.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Criterios específicos:

Os proxectos docentes valoraranse atendendo aos seus indicios de calidade: duración, número de docentes e institucións implicadas, existencia de financiamento e carácter competitivo deste. A pertenza a grupos de innovación docente valorarase atendendo ao tempo de pertenza (como referencia, cinco anos ou máis para acadar a valoración máxima dentro deste mérito) e á función ou responsabilidade desenvolvida (responsable/coordinación ou membro).

Estadías docentes (máximo de 2 puntos por mérito, conforme ao baremo). Criterios específicos: Para valorar unha estadía, a persoa candidata deberá acreditar un vínculo cunha institución universitaria ou de investigación durante o período de realización. De non existir ese vínculo, só se valorará cando a estadía estea financiada por un programa competitivo. A valoración atenderá á duración da estadía e deberá constar a documentación xustificativa prevista no baremo.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos por mérito). Criterios específicos:

A valoración terá en conta a duración, a temática e as funcións desenvolvidas pola persoa candidata.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos por mérito). Criterios específicos:

Os premios e recoñecementos pola actividade docente, proxectos ou iniciativas docentes valoraranse segundo o prestixio e o ámbito da institución ou entidade concedente (universidades, sociedades científicas, asociacións profesionais ou entidades equivalentes).

Praza número: «26/8004»

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: «Didáctica da Expresión Corporal»

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN.

Puntuación máxima: 100 puntos

III.1. Publicacións científicas. Puntuación máxima: 40 puntos

Aplicarase o marco do Anexo I: 2,5 puntos por artigo incluído en Scopus ou Web of Science, coa posibilidade de aplicar un coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1; e ata 0,5 puntos por artigo incluído noutras bases de datos de referencia previstas no baremo, cun máximo conxunto de 5 puntos para estes últimos.

Como criterio específico de calidade das revistas, e tomando como base o borrador achegado, a comisión establece:

- Artigos en revistas WoS/Scopus Q1 ou Q2: 2,5 puntos por artigo.
- Artigos en revistas WoS/Scopus Q3 ou Q4: 2 puntos por artigo.
- Artigos incluídos en ESCI sen cuartil Q1–Q4 aplicable: 1 punto por artigo.
- Artigos incluídos noutras bases de datos de referencia admitidas polo baremo (por exemplo, Dialnet Métricas ou selo FECYT): ata 0,5 puntos por artigo, respectando o máximo conxunto de 5 puntos establecido no Anexo I.

Non se aplicará un coeficiente adicional de redución polo número de persoas autoras, agás que a comisión acorde expresamente outra regra antes de acceder á documentación das candidaturas e a incorpore a este documento antes da súa publicación.

A reiteración de publicacións na mesma revista valorarase de forma restritiva: cando se presenten máis de dúas publicacións na mesma revista e no mesmo ano, valorarase un máximo de dúas. Así mesmo, cando se trate de revistas vinculadas ao mesmo organismo en que a persoa candidata realiza a súa actividade docente/investigadora ou de revistas en cuxo comité de redacción forme parte, valorarase un máximo de dúas contribucións por ano.

Libros e capítulos de libro:

Valoraranse segundo o prestixio editorial, dentro dos máximos do baremo (5 puntos por libro e 1 punto por capítulo). Teranse en conta, entre outras de prestixio equivalente, Routledge–Taylor & Francis, Springer, SAGE, Oxford University Press, Cambridge University Press,

Praza número: «26/8004»

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: «Didáctica da Expresión Corporal»

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Teachers College Press, Bloomsbury Academic; no contexto español, Morata, Graó, Síntesis, Pirámide, Dykinson, INDE, Paidotribo, Octaedro, Narcea e Tirant lo Blanch; así como servizos de publicacións universitarios e de asociacións científicas/profesionais vinculadas coa área.

Cando se presenten máis de tres publicacións na mesma editorial e no mesmo ano, valorarase un máximo de tres. Se a editorial pertence ao mesmo organismo en que a persoa candidata realiza a súa actividade docente/investigadora ou forma parte do seu comité editorial, valorarase un máximo de tres contribucións.

III.2. Comunicacóns en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Respectaranse os límites do Anexo I: máximo de 10 contribucións, unha comunicación por congreso e unicamente reunións científicas organizadas por asociacións científicas nacionais ou internacionais. A valoración específica será: congreso internacional, 0,5 puntos; congreso nacional, 0,25 puntos. A puntuación adicional por premio, de existir, aplicarase nos termos do Anexo I.

III.7. Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Respectarase o máximo de cinco méritos e de 2 puntos por mérito previsto no baremo. As publicacións en revistas de divulgación, xornadas de transferencia e outras actividades de divulgación valoraranse atendendo ao prestixio das institucións nas que se realizan e ao alcance das actividades, considerando a cantidade e diversidade dos colectivos destinatarios.

IV. EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Valoraranse unicamente os méritos vinculados á actividade específica da praza. Atendendo a que a docencia da praza corresponde a unha materia do Grao en Educación Infantil e outra do Grao en Educación Primaria, e de acordo co borrador achegado, a comisión establece como criterio específico valorar a experiencia profesional como mestre/a nas etapas de Educación Infantil e/ou Educación Primaria, no exercicio das funcións propias da profesión, tanto no sector público como no privado.

Praza número: «26/8004»

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Área de coñecemento: «Didáctica da Expresión Corporal»

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

A experiencia profesional, incluída a docencia regradada non universitaria, valorarase cun máximo de 5 puntos por ano de dedicación a tempo completo. Cando a dedicación sexa parcial ou os períodos acreditados inferiores a un ano, a puntuación será proporcional.

Poderá valorarse, ademais, a experiencia como tutor/a de prácticas externas no ámbito profesional nas etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, a razón de 0,25 puntos por cada 100 horas acreditadas, ata un máximo de 10 puntos por este concepto.

Na Coruña, a 8 de setembro de 2026.

V.º e prace

A presidencia

Jesús Miguel Muñoz Cantero

[sinatura]

A secretaría

Apolinar Graña Varela

[sinatura]